

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:15 horas do día 25 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de xuño de 2018 para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. Secundino Otero Faílde  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8a e 9a)  
D. Jesús Núñez-Torrón López (asiste aos puntos 8b e 9b)  
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste ao punto 11)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta da sesión do 20 de xuño de 2018**

Non se aproba por falta de quórum.

### **8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática o 15 de xuño de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

Aínda que o informe non indica se as ofertas cumpren cos requisitos para a presentación da documentación do criterio "CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO GRUPO ELECTRÓGENO", presente na sesión o responsable do contrato, xefe da Área de Administración Electrónica, informa que as ofertas dos dous licitadores cumpren cos requisitos esixidos no apartado 9.A.1. do Anexo I -FEC- do PCAP ("Deberá ser un arquivo dixital en formato pdf cun máximo de 30 follas en formato A4").

#### **b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) (informe sobre B)**



Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social e Acción Social, a xefa de Benestar Social e a Psicóloga de Benestar Social o 21 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática o 15 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social e Acción Social, a xefa de Benestar Social e a Psicóloga do servizo o 21 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:52	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA44A-C2DABA-D2B1B7-WREYKE-Z4KLSN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	78,50

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

**Terceiro.-** *Requirir ao citado licitador o aboamento de 970,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, o día 5 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 14 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, resultando incompleta polo que acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA para que completase a documentación requirida o 5 de xuño de 2018.

Con data do 21 de xuño a citada asociación presentou nova documentación, que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño. Sendo correcta a documentación a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:52	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA44A-C2DABA-D2B1B7-WREYKE-Z4KLSN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 14 e 16 de maio de 2018 e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio, de valoración do sobre C.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA o procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) por un prezo total de 55.000 euros (exento de IVE).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:52	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA44A-C2DABA-D2B1B7-WREYKE-Z4KLSN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		